



MODIFICACIÓN NUMERO 1 PEMA O EXPEDIENTE 2166/13


ANEXO I

Deseño curricular da especialidade de Ourivaría (Anexo XI do Documento 2 do PEMA O2015)

Sandra de Jesús Fernández, mestra de Formación en Ourivaría da EMAO

Decembro 2015

Anexo XI Ourivaría: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación



○
Deseño

Curricular do Plan Educativo divídese en tres elementos coordinadores da proposta educativa, que son:

1. Perfil Profesional.

No que se especifican, enumeran e descríbense as Competencias que abranguen a formación de esta especialidade.

2. Referente Formativo.

Este documento organizase en módulos formativos, cada módulo define o seu obxectivo xeral e os obxectivos conceptuais, procedimentais, actitudinais, criterios de avaliación, contidos e duración que nel se desenrolan.

Os módulos van orientados ao logro das Competencias e polo tanto asociados a unha unidade de competencia ou a varias delas.

Seguindo o deseño curricular do PNC os módulos que defino para a especialidade de ourivería seguen o esquema dado, adaptándose a una formación específica e completa de esta arte de traballar os metais.

A formación presentase comezando por un módulo inicial orientado ó deseño e o proceso creativo-artístico, seguido de módulos dirixidos as competencias técnicas específicas da ourivería, rematando con un módulo encamiñado a xestión da carreira profesional do estudante. No caso de esta especialidade é conveniente a realización do Produto Final Integrado, pois é o reflexo material do aprendido durante o curso e pon de manifesto a autonomía e a autoxestión adquirida, necesaria para desenvolverse nun futuro profesional.

3. Temporización e Secuenciación.

É aquí onde se especifican as horas que corresponden a cada módulo e os contidos de cada nivel ou curso.



1. PEFIL PROFESIONAL

1.1 PERFIL E COMPETENCIAS

O perfil profesional define o obxectivo xeral e as competencias educativas para con esta especialidade. O estudo desta especialidade tal como a conforma este curriculum debería levar ó estudante á total capacidade técnica, artística e de autoxestión para o desenvolvemento profesional autónomo. No esquema gráfico que presento a seguir defínense os conceptos para o desenvolvemento e éxito de esta profesión artesán, atendendo as capacidades que hai que cubrir.

A seguir do esquema gráfico presentase o resumo das competencias que abrangue esta formación, defínese a competencia xeral e as unidades de competencia que conforman o curriculum.

Esta é a Competencia xeral que define o Currículo:

Xestionar, deseñar e saber representar as ideas inherentes de materialización, investigando, analizando e valorando a expresividade artística, formalización técnica e contextualización histórica. Atendendo a proxección e construción de pezas dentro do marco da ourivería, seguindo formulacións artísticas, a vez que xestionando o proceso creativo, o uso e esollas dos materiais, os procedementos e as técnicas tradicionais ou contemporáneas. Todo elo adecuando o proxecto ao medio, á maquinaria e as ferramentas, con criterios de seguridade física, laboral e medioambiental e tamén asimilando o concepto de autoxestión do proceso creativo para fomentar a autonomía no desenvolvemento do aprendizaxe, garantindo a calidade técnica, o criterio artístico e a proxección final do proxecto.



<p>COMPETENCIA</p> <p>XERAL</p>	<p>UNIDADES DE COMPETENCIA</p>
<p>Xestionar, deseñar e saber representar as ideas inherentes de materialización, investigando, analizando e valorando a expresividade artística, formalización técnica e contextualización histórica. Atendendo a proxección e construción de pezas dentro do marco da ourivería seguindo formulacións artísticas, a vez que xestionando o proceso creativo, o uso e escolla dos materiais, os procedementos e as técnicas tradicionais ou contemporáneas. Todo elo adecuando o proxecto ao medio, á maquinaria e as ferramentas, con criterios de seguridade física, laboral e medioambiental e tamén asimilando o concepto de autoxestión do proceso creativo para fomentar a autonomía no desenrolo do aprendizaxe, garantindo a calidade técnica, o criterio artístico e a proxección final da obra.</p>	<p>Unidade de Competencia 1: Xerar, proxectar e materializar ideas, facendo uso da linguaxe plástica, que sirvan para a elaboración de obxectos ou xoias, atendendo as posibilidades artísticas, técnicas e procedimentais de esta arte de traballar os metais.</p> <p>Unidade de Competencia 2: Manexar e manter a ferramenta e maquinaria dun obradoiro de ourivería aplicando as normas de seguridade laboral, ergonomía e protección medioambiental.</p> <p>Unidade de Competencia 3: Adquirir e aplicar os coñecementos metalúrxicos necesarios para o traballo cos diversos metais (propiedades, composición, aliacións, ductibilidade, etc.) e outras materias primas.</p> <p>Unidade de Competencia 4: Transformar e manipular os metais aplicando as técnicas e procedementos axeitados, escollendo e manexando a ferramenta e maquinaria necesaria para a materializar o proxecto, conseguindo unha óptima calidade artística e técnica.</p> <p>Unidade de Competencia 5: Investigar, innovar e empregar os múltiples sistemas de pechos, articulacións e ensamblaxe que poden ser de utilidade na creación de pezas. Abordar a creación e uso destes elementos dende un punto de vista funcional, artístico e estético.</p> <p>Unidade de Competencia 6: Rematar a peza facendo uso do acabado mais acorde á formulación plástica, escollendo entre as posibilidades de tratamento das superficies de metal ou incorporando o uso de técnicas afíns.</p> <p>Unidade de Competencia 7: Organizar e xestionar a actividade dun obradoiro de ourivería.</p>



1.2 PERFIL PROFESIONAL DE OURIVERÍA

A continuación e seguindo a esquematización do PNC vixente, preséntanse e expóñense unha a unha as unidades de competencia que conforman este curriculum.

COMPETENCIA XERAL

Deseñar, planificar e materializar pezas de ourivería con criterio artístico e capacidades técnicas e procedimentais, desenrolando un proceso creativo práctico, funcional e analítico que como resultado garanta unha alta calidade técnica e estética.

UNIDADES DE COMPETENCIA

Unidade de Competencia 1: Xerar, proxectar e materializar ideas, facendo uso da linguaxe plástica, que sirvan para a elaboración de obxectos ou xoias, atendendo as posibilidades artísticas, técnicas e procedimentais de esta arte de traballar os metais.

Unidade de Competencia 2: Coñecer a estruturación e composición de un taller, das ferramentas e maquinaria, aprender sobre o seu mantemento e coidado e aplicar as normas de seguridade laboral, ergonomía e protección medioambiental.

Unidade de Competencia 3: Adquirir e aplicar os coñecementos metalúrxicos necesarios para o traballo cos diversos metais (propiedades, composición, aliacións, ductibilidade, etc.) e outras materias primas.

Unidade de Competencia 4: Transformar e manipular os metais aplicando as técnicas e procedementos axeitados, escollendo e manexando a ferramenta e maquinaria necesaria para a materializar o proxecto, conseguindo unha óptima calidade artística e técnica.

Unidade de Competencia 5: Investigar, innovar e empregar os múltiples sistemas de pechos, articulacións e ensamblaxe que poden ser de utilidade na creación de pezas. Abordar a creación e uso destes elementos dende un punto de vista funcional, artístico e estético.

Unidade de Competencia 6: Rematar a peza facendo uso do acabado mais acorde á formulación plástica, escollendo entre as posibilidades de tratamento das superficies de metal ou incorporando o uso de técnicas afíns.

Unidade de Competencia 7: Organizar e xestionar a actividade dun obradoiro de ourivería.



UNIDADE DE COMPETENCIA 1

Xerar, proxectar e materializar ideas, facendo uso da linguaxe plástica, que sirvan para a elaboración de obxectos ou xoias, atendendo as posibilidades artísticas, técnicas e procedimentais de esta arte de traballar os metais.

REALIZACIÓNS

- Observar, comprender, analizar e organizar a información que obtemos dende recursos dixitais ou non, sobre creación, materiais, técnicas, procesos, obras, artistas, contextualización histórica; para o seu emprego no proceso creativo persoal de deseño e construción artesanal.
- Definir e especificar os elementos formais, estéticos, materiais, técnicos e procedimentais da ourivería, analizando, avaliando e procesando esta información para lograr a materialización do deseño.
- Elaborar apuntes, bosquexos bidimensionais ou tridimensionais previos que aporten unha aproximación artística, técnica e volumétrica da peza.
- Representar graficamente a forma, a estrutura e os compoñentes que constitúen o obxecto. Elaborar proxeccións que mostren vistas, acoutacións e volumes que sirvan na toma de decisións, recordación e guía no procesos de elaboración e presentación.
- Determinar as fases do proceso construtivo, os tempos e os procedementos de calidade e seguridade atendendo as especificacións propias da peza e garantindo a execución nas condicións previstas.
- Documentar o proxecto de deseño e construción, incorporando e xustificando as decisións artísticas, materiais, técnicas e procedimentais, xuntamente con o orzamento para calcular custes e definir a viabilidade de execución.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Información gráfica e visual (visitas a galerías e museos, revistas, libros, webs, blogs, ...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Útiles de deseño: lapis, compás, lapis de cores, pinturas, acuarelas, pegamento, ... • Útiles de 	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender observando, obter inspiración. • Bosquexos, cadernos de campo, estudos bidimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Imaxes das que partir e coas cales poder traballar. • Proxecto de deseño e construción. • Plan de estruturación do traballo.



<ul style="list-style-type: none"> • Sistemas e técnicas de representación. • Papel, papel milimetrado, cartón, plástico, fotocopias, ... 	<p>medición: regras, calibre, escuadras, cartabón, coitela, tesoiras, ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Útiles de modelaxe: plastilina, arxila, masa de modelado, ... • Ordenador • Televisión • Internet • Revistas, catálogos, ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Bosquexos tridimensionais. • Representación técnica do obxecto (vistas, acoutacións e proxeccións) • Definición dos compoñentes, materiais, acabados, custos, ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Patróns e guías para posteriores reproducións. • Orzamento económico.
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE DE COMPETENCIA 2

Coñecer a estruturación e composición de un taller, das ferramentas e maquinaria, aprender sobre o seu mantemento e coidado e aplicar as normas de seguridade laboral, ergonómia e protección medioambiental.

REALIZACIÓNS

- Coñecer o espazo de traballo e as súas normas de seguridade, estruturar e delimitar as zonas de traballo segundo as distintas actividades.
- Coñecer e preparar as ferramentas propias e comúns e asimilar as normas de seguridade no uso.
- Formarse no uso da maquinaria e aplicar as súas normas de utilización e seguridade.
- Distribuír e organizar o banco de traballo e aplicar a normativa sobre protección e ergonómia.
- Aprender sobre seguridade laboral e protección medio ambiental nos termos que abranguen a esta profesión artesán.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Normas de uso e mantemento de ferramentas e maquinaria. • Normas de seguridade e 	<ul style="list-style-type: none"> • Banco de traballo. • Ferramenta de man (alicates, tenaces, martelos, mazos, pinzas, limas, limatóns, 	<ul style="list-style-type: none"> • Preparación e organización do espazo de traballo e das súas ferramentas. • Concienciación 	<ul style="list-style-type: none"> • Normativa sobre o uso da ferramenta e maquinaria propia e común. • Normativa de prevención de



protección.	<p>tesoiras, regra, compás, escuadras, lupa, serra de arco, calibre ...)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Torno de mesa e os seus utensilios. • Soprete • Laminadora • Forno • Etc. 	<p>sobre os riscos e precaucións no traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación ó medio e os recursos. 	<p>riscos laborais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Normativa de seguridade e ergonomía no posto.
-------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE DE COMPETENCIA 3

Adquirir e aplicar os coñecementos metalúrxicos necesarios para o traballo cos diversos metais (propiedades, composición, aliacións, ductibilidade, etc.) e outras materias primas.

REALIZACIÓNS

- Coñecer os metais, as súas propiedades, composición e comportamento .
- Realizar e coñecer as aliacións dos metais, o regulamento e contrastes dos metais preciosos.
- Definir os puntos de fusión dos distintos metais e realizar fundicións, soldaduras e recocidos.
- Fundir e colar o metal segundo o seu manufacturado posterior.
- Aplicar fundentes e realizar decapados.
- Preparar e realizar os distintos perfís e manexar grosos (fío redondo, fío cadrado, media caña, chapa, tubo, ...)
- Investigar e definir outros materiais a empregar.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Metais preciosos e non preciosos. • Fundentes, branqueastes. • Outros materiais: pedras, madeiras, plásticos, resinas, tecidos, obxectos, ... • Libros, apuntamentos, 	<ul style="list-style-type: none"> • Útiles de fundición e colado: sopretes, crisois, tenaces, lingoteiras, placas refractarias, pinzas, • Útiles de peso e calculo: báscula, pinzas, calculadora, lapis, papel, ... • Útiles de 	<ul style="list-style-type: none"> • Calculo das ligas para as aliacións. • Fundición e ligado de metais. • Colado e arrefriado do metal. • Limpado e decapado. • Perfís e grosos 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentación sobre a metalurxia. • Lexislación e regulamentos sobre a creación con metais preciosos. • Información e regras de calculo sobre ligas e aliacións,



<p>webs, videos, ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Electricidade, auga, gas, sales ou ácido de decapado, ... 	<p>protección: mandil, lentes, luvas, máscaras, ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Útiles de conformado, estirado e trefiado: tenaces, "hileras", incre, esmeril, alicates, ... • Laminadora • Calibre, pé de rei, micrómetro. • Banco de estirar • Martelos • Incre de aplanar • Pedra e líquidos de toque. • Auga de branqueo • Panos • Etc 	<p>de fío chapa e tubo de metal necesarios para o proxecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Investigación sobre outros materiais construtivos ou complementarios. 	<p>maleabilidade e ductilidades dos metais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tipos de soldaduras. • Información sobre a creación dos distintos perfís de metal. • Mingua e recuperación dos metais. • Procesos de fundición e fusión. • Documentación sobre outros materiais de posible aplicación.
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE DE COMPETENCIA 4

Transformar e manipular os metais aplicando as técnicas e procedementos axeitados, escollendo e manexando a ferramenta e maquinaria necesaria para a materializar o proxecto, conseguindo unha óptima calidade artística e técnica.

REALIZACIÓNS

- Axuste de grosor e tamaño dos distintos perfís de metal (fío, chapa, tubo).
- Definir e construír a estrutura principal en base as medidas, acoutacións e proporcións do proxecto.
- Definir e construír os elementos complementarios, proporcionados a estrutura principal e en base a se son aloxadores de outros elementos materias.
- Repasar, limar e lixar os distintos elementos, para o seu posterior ensamblado ou soldado.
- Traballar en paralelo os outros materiais para adaptalos a peza se e necesario.
- Soldar, unir ou ensamblar se é necesario as distintas pezas entre si, xerando a estrutura definitiva.
- Repasar a peza para preparala para o seu pulido e brillado.
- Incorporar os elementos materiais que sexa necesario e resistan o proceso de pulido.

Medios de produción

<p><u>Emprega estes materiais e recursos</u></p>	<p><u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u></p>	<p><u>Obtén estes resultados</u></p>	<p><u>Utiliza e xera esta información</u></p>
--------------------------------------------------	---------------------------------------------------	--------------------------------------	-----------------------------------------------



<ul style="list-style-type: none"> • Perfís necesarios do metal procesado, fío, chapa, tubo,... • Pedras, esmalte, plástico, ... • Electricidade, auga, gas, sales ou ácido de decapado, ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Ferramentas de man: alicates, tenaces, limas, esmerís, serra de arco, lastras, tesoiras, martelos, mazos, embutidores, cubos de conformado, ciceis, regras, punzóns, compás, lupa, pé de rei, ... • Subministrados: fíos de serrar, lixas, brocas, fresas, ... • Útiles de protección: mandil, lentes, luvas, máscaras, ... • Torno de mesa. • Laminadora • Martelos • Ingre de aplanar • Etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Estrutura da peza. • Elementos complementarios da estrutura. • Peza preparada para o proceso de acabado • Preparación dos materiais e elementos de última incorporación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes sobre o proceso construtivo. • Información e investigación sobre as técnicas e os procedementos a aplicar. • Organización e planificación secuencial do traballo. • Coñecementos aplicados das distintas técnicas construtivas. • Investigación sobre materiais complementarios.
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE DE COMPETENCIA 5

Investigar, innovar e empregar os múltiples sistemas de pechos, articulacións e ensamblaxe que poden ser de utilidade na creación de pezas. Abordar a creación e uso destes elementos dende un punto de vista funcional, artístico e estético.

REALIZACIÓNS

- Construír e investigar os distintos tipos de pechos.
- Adecuar e materializar as articulacións necesarias da peza.
- Ensamblar os distintos elementos para conformar a estrutura final.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Fío, chapa, tubo de metal. • Cadeas 	<ul style="list-style-type: none"> • Ferramentas de man: alicates, tenaces, limas, esmerís, serra de 	<ul style="list-style-type: none"> • Pechos: de pendentos, de pulseira, de colar, de broche, de 	<ul style="list-style-type: none"> • Bibliografía técnica de construción de elementos articuladores.



<ul style="list-style-type: none"> • Fíos, cordóns, etc • Outros materias aplicábeis segundo as directrices do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> arco, lastras, tesoiras, martelos, mazos, embutidores, cubos de conformado, ciceis, regras, punzóns, compás, lupa, pé de rei, ... • Útiles de protección: mandil, lentes, luvas, máscaras, ... • Útiles de pegado: resinas, cianocrilato, outros pegamentos ... • Torno de mesa. • Tesoiras • Acetona • Etc. 	<ul style="list-style-type: none"> caixa, ... • Articulacións: de argolas, de bisagra ou tubo, de garra, ... • Remaches • Cadeas • Etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentación e observación de solucións estéticas de pezas. • Desenrolos técnicos e creativos dos elementos artellados.
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE DE COMPETENCIA 6

Rematar a peza facendo uso do acabado mais acorde á formulación plástica, escollendo entre as posibilidades de tratamento das superficies de metal ou incorporando o uso de técnicas afíns.

REALIZACIÓNS

- Aplicar técnicas complementarias, coloracións, pátinas, esmaltes, engaste, etc.
- Realizar texturados, gravados, estampados, etc.
- Rematar a peza mediante pulido, brillo ou satinado.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Patinas, lacas, tinguiduras, ... • Ácidos • Esmaltes • Pedras • Auga • Electricidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Útiles de pulido e satinado: discos, discos de satinado e mateado, pastas, fíos de algodón, mandrís, ... • Útiles de engaste: Burís, pinzas, 	<ul style="list-style-type: none"> • Acabados • Coloracións e pátinas. • Texturas • Esmaltes 	<ul style="list-style-type: none"> • Información específica sobre procedementos de tratamentos de superficies. • Apuntes e notas de campo sobre probas e experimentación.



<ul style="list-style-type: none"> • etc 	<p>lupa, empurrador, calibre, limatóns, gomas de disco, brocas e fresas, ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Útiles de esmalte: esmaltes vítreos, placas refractarias, pincel, panos, cepillos, ... • Útiles de protección: mandil, lentes, luvas, máscaras, manguitos e gomas ... • Torno de mesa. • Pulidora • Ultrasóns • Caixa de mateado con area • Forno • Maquina de bolas • Etc 	<ul style="list-style-type: none"> • Terminación das pezas. 	
---------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------	--

UNIDADE DE COMPETENCIA 7

Organizar e xestionar a actividade dun obradoiro de ourivería.

REALIZACIÓNS

- Adquirir a ferramenta e maquinaria básica para a fabricación e acabado das pezas de ourivería.
- Organizar o obradoiro atendendo a funcionalidade e seguridade no traballo.
- Buscar e establecer contactos con provedores de consumíbeis, maquinaria e materias primas.
- Analizar as necesidades do mercado, posibles puntos de venda e exposición.
- Elaborar un produto propio diferenciado e atractivo que aporte e atope un oco no mercado. Xerar unha marca propia selo de calidade e orixinalidade.
- Manter contacto con outros artesáns e compañeiros pois pódense dar colaboracións necesarias e enriquecedoras.
- Realizar orzamentos e plans económicos que garantan a viabilidade do produto e do obradoiro.
- Elaborar un mostrario de pezas físico, gráfico e dixital, para amosar e promover o noso traballo en tendas, feiras, exposicións,
- Realizar o rexistro na Xunta de Galicia como artesáns e obradoiro artesán, posibilitará o uso da marca de "Artesanía de Galicia".
- Establecer modos de promoción, web, blog, redes sociais, logotipos, tarxetas,



flyers, colaboracións, exposicións, concursos, etc.

Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Deseños • Pezas acabadas • Fotografías do produto. • Internet • Programas de edición e retoque fotográfico. • Cartóns, papeis, tecidos, plásticos, caixa fotográfica, ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Maquina fotográfica. • Ordenador • Dispositivo móbil de telefonía e internet, e as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan económico e de viabilidade. • Plan de empresa • Mostrario de pezas • Catálogo gráfico e dixital. • Contacto con provedores. • Contacto con sistema económico, e administración pública (Facenda e Seguridade Social). • Creación de Marca Propia • Entrada no mercado 	<ul style="list-style-type: none"> • Informes do traballo propio • Fichas e catálogos de materias e consumibles. • Normativa de seguridade e hixiene. • Normativa fiscal e laboral.



2. REFERENTE FORMATIVO

2.1 MÓDULOS FORMATIVOS

	MÓDULOS FORMATIVOS
OURIVERÍA	<p>Módulo 1: Deseño, procesos creativos e sistemas de representación.</p> <p>Módulo 2: Composición do obradoiro, ferramentas e maquinaria.</p> <p>Módulo 3: Metalurxia, fundición e materias primas.</p> <p>Módulo 4: Procesos construtivos, técnicas e procedementos do traballo cos metais.</p> <p>Módulo 5: Elementos de articulación e ensamblaxe. Deseño, creación e montaxe de tipos de peches e articulacións.</p> <p>Módulo 6: Remate e acabado da peza. Tratamento das superficies e aplicación de técnicas decorativas complementarias.</p> <p>Módulo 7: Historia da Ourivería.</p> <p>Módulo 8: Xestión e organización dun obradoiro artesanal de ourivería.</p>

2.2 REFERENTE FORMATIVO DE OURIVARÍA

OURIVARÍA

<u>Duración Total</u> :	Currículo normal: 760 horas Currículo estendido: 830 horas
COMPETENCIAS	
<p>Unidade de Competencia 1: Xerar, proxectar e materializar ideas, facendo uso da linguaxe plástica, que sirvan para a elaboración de obxectos ou xoias, atendendo as posibilidades artísticas, técnicas e procedimentais de esta arte de traballar os metais.</p> <p>Unidade de Competencia 2: Manexar e manter a ferramenta e maquinaria dun obradoiro de ourivería aplicando as normas de seguridade laboral, ergonomía e protección medioambiental.</p> <p>Unidade de Competencia 3: Adquirir e aplicar os coñecementos metalúrxicos necesarios para o traballo cos diversos metais (propiedades, composición, aliacións, ductibilidade, etc.) e outras materias primas.</p> <p>Unidade de Competencia 4: Transformar e manipular os metais aplicando as técnicas e procedementos axeitados, escollendo e manexando a ferramenta e maquinaria necesaria para a materializar o proxecto, conseguindo unha óptima calidade artística e técnica.</p> <p>Unidade de Competencia 5: Investigar, innovar e empregar os múltiples sistemas de pechos, articulacións e ensamblaxe que poden ser de utilidade na creación de pezas. Abordar a creación e uso destes elementos dende un punto de vista funcional, artístico e estético.</p> <p>Unidade de Competencia 6: Rematar a peza facendo uso do acabado mais acorde á formulación plástica, escollendo entre as posibilidades de tratamento das superficies de metal ou incorporando o uso de técnicas afíns.</p> <p>Unidade de Competencia 7: Organizar e xestionar a actividade dun obradoiro de ourivería.</p>	
OBXETIVO XERAL	
Diseñar e crear con criterio artístico obxectos e xoias transformando os metais de maneira artesanal, cubrindo dende o proceso creativo ó remate e presentación do produto.	
MÓDULOS FORMATIVOS	
<p>Módulo 1: Deseño, procesos creativos e sistemas de representación.</p> <p>Módulo 2: Composición do obradoiro, ferramentas e maquinaria.</p> <p>Módulo 3: Metalurxia, fundición e materias primas.</p> <p>Módulo 4: Procesos construtivos, técnicas e procedementos do traballo cos metais.</p> <p>Módulo 5: Elementos de articulación e ensamblaxe. Deseño, creación e montaxe de tipos de pechos e articulacións.</p> <p>Módulo 6: Remate e acabado da peza. Tratamento das superficies e aplicación de técnicas decorativas complementarias.</p> <p>Módulo 7: Historia da Ourivería.</p>	

Módulo 8: Xestión e organización dun obradoiro artesanal de ourivería.
Proxecto Final Integrado

MÓDULO 1		
Deseño do obxecto ou xoia e Sistemas de representación		
Asociado a Unidade de Competencia:		
1. Xerar, proxectar e materializar ideas, facendo uso da linguaxe plástica, que sirvan para a elaboración de obxectos ou xoias, atendendo as posibilidades artísticas, técnicas e procedimentais de esta arte de traballar os metais.		
OBXETIVO XERAL		
Deseñar pezas de ourivería baixo o criterio artístico.		
<u>Duración: 110 horas</u>		
OBXETIVOS DE MÓDULO		
Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender e compoñer cos elementos da linguaxe plástica (punto, liña, plano, cor, volume, textura). • Analizar, contrastar e avaliar a información adquirida para súa transformación durante o proceso creativo. • Coñecer os sistemas de representación gráficos máis axeitados a ourivería. • Comprender o 	<ul style="list-style-type: none"> • Idear deseños propios dentro do marco artístico e técnico. • Transformar a información adquirida e adaptala ó proxecto. • Elaborar bosqueños bidimensionais e tridimensionais, que nos acheguen a idea final. • Representar graficamente a idea definitiva. • Elaborar un esquema secuencial dos pasos que se deben seguir na construción da 	<ul style="list-style-type: none"> • Hábitos de observación, indagación e análise do mundo que nos rodea. • Actitude investigadora da morfoloxía dos obxectos. • Actitude creativo – artística. • Actitude participativa e investigadora perante a formación e o traballo. • Interpretar de forma creativa e imaxinativa os problemas artísticos. • Fomentar a iniciativa propia, automotivación, autoreflexión e autocrítica. • Comprensión crítica e compromiso ético-



